

## PREGUNTAS

1. Vimos reclamando reiteradamente a urxente reposición do firme do trazado da N640 no lugar de Reirís que foi traspasado o Concello de Caldas de Reis, o seu estado é absolutamente lamentable, e nos xa llo requerimos varias veces ¿Cando pensa repoñer ese firme para que ese vieiro sexa transitible?

## ROGOS

1. Se atendan as lexítimas reclamacións dos familiares e usuarios da Residencia de Maiores Nuestra Señora de la Asunción que precisan cadeira de rodas para desprazarse que non poden cruzar o paso de peóns da rúa José Salgado no punto por ser a beirarrúa demasiado estreita e tampouco o de Pedro Mateo Sagasta, xusto diante da residencia, posto que a ambos lados do paso de peóns, o desnivel é demasiado pronunciado. Xa presentaron esta reclamación por escrito e estamos ante un caso moi grave de privación de mobilidade.

2. Se solucionen de forma inmediata os reiteradas cortes de suministro de auga das rúas Souto de María Lopez A e B.

3. Arranxouse o paso de peóns de José Salgado a altura de Souto de María López para evitar o bordillo pero só na beirarrúa que está do lado da carballeira, que se faga a mesma actuación na outra beirarrúa de ese paso de peóns.

4. Que se repare o ante posible o burato existente na estrada que vai do lugar da Lombiña o monte, a altura da entrada na casa N<sup>o</sup>51A no lugar de Reirís, na parroquia de San Andrés de César, tal e como acaba de reclamar a Asociación de Veciños de Reiris "Pino Manso".

